

O lapis do carpinteiro,

de Manuel Rivas



Aprendin máis da guerra civil española lendo o lapis do carpinteiro de Manuel Rivas que en todos os libros de Historia". Günter Grass. (premio Nobel de literatura)

O lapis do carpinteiro conta a historia dun grupo de demócratas (republicanos de diverso signo político) encarcerados na Falcona , prisión de Compostela. Entre todos eles salienta a figura do doutor **Daniel da Barca**.

O primeiro capítulo sitúanos no presente, na casa compostelá do doutor da Barca, a onde acode un xornalista frustrado e infeliz (**Sousa**) para lle facer unha entrevista. Tanto o presente temporal como o xornalista non volverán aparecer ata o final. Os capítulos restantes desenvólvense no pasado. Son unha longa evocación que fai o ex-garda franquista (**Herbal**) convertido

agora en garda custodio dun prostíbulo.

O lapis é unha novela coral de vencedores e vencidos. Sobre todos eles actúa como unha variña máxica, un lapis de carpinteiro co seu poder humanizador capaz de cambiar a óptica vital dos seus donos porque proxecta sobre eles o punto de vista do **pintor** asasinado por Herbal.

A novela articúlase nun xogo de contrarios:

O que somos e o que quixeramos ter sido. (Herbal- da Barca).

O amor e o desamor (da Barca-Marisa Mallo / Herbal- Marisa Mallo / A monxa Edurne - da Barca).

A violencia institucional (paseos, sacas, asasinatos /violencia familiar da irmá de Herbal).

Os vencedores e os vencidos (franquistas / demócratas republicanos)

O universo feminino (Marisa Mallo, Edurne, a irmá de Herbal, María da Visitação). O lapis / O home de ferro.

A dignidade (Danie da Barca) e a inocencia (Dombodán) / a ignorancia e a senrazón (Herbal e os seus superiores)

ETC...